

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

*RESOLUCIÓN do 25 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a autorización dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia para a participación no Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (Cuale) para o curso 2023/24.*

Co obxecto de realizar a convocatoria para o curso 2023/24 de autorización do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (Cuale) nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral resolve anunciar:

Primeiro. Que a regulación e convocatoria de autorización do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado (Cuale) para o curso 2023/24 estará dispoñible no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, <http://www.edu.xunta.gal/portal>

Segundo. Os centros que desexen implantar o programa Cuale deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación a que se accede na ligazón <http://www.edu.xunta.es/programaseducativos>, no programa correspondente Cuale.

Terceiro. Que o prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 10 de xuño de 2023.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2023

Judith Fernández Novoa  
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

